

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 23 de abril de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 29 de marzo de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia.*

A Orde do 29 de marzo de 2010 (DOG nº 64, do 7 de abril) pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia detalla no seu artigo 2º, relativo ao financiamento destas axudas, a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para elas.

Este artigo establece a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria destinada ao financiamento destas axudas con incorporacións de créditos, de acordo co disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, de acordo co Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se atribúe á Dirección Xeral de Administración Local as relacións cos concellos, así como as convocatorias e propostas de adjudicación de axudas e subvencións aos concellos que sexan competencia desa dirección xeral,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 29 de marzo de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia.

Segundo.-O incremento da dotación para o exercicio 2010 será de 780.923,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.141A.760.3, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Esta liña de subvencións finánciase nun 70% con cargo aos fondos de desenvolvemento rexional (Feder), e nun 30% con cargo a fondos FCA.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na dita Orde do 29 de marzo de 2010.

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 28 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria (IN220A-presentación electrónica).*

O comercio tradicional na actualidade está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo, co obxecto de que se volva situar na posición histórica que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das nosas vilas e cidades. Por isto, o Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, coa finalidade de acadar unha maior competitividade do comercio galego, así como a súa dinamización, recolle un conxunto de obxectivos entre os que cabe subliñar:

-Incentivar a demanda comercial e mellorar a loxística do comercio, así como acadar unha imaxe máis competitiva e dinámica do comercio galego polo miúdo.

-Revitalizar os eixes comerciais como unhas das iniciativas que procuren a recuperación das cidades e vilas en xeral e do seu comercio en particular, tanto desde o punto de vista económico e social como urbanístico, creando polos de atracción comercial que contribúan a evitar o despoboamento que nos últimos anos se está producindo nos centros urbanos.

Polo tanto, esta orde diríxese ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro que desenvolvan actuacións de incentivación da demanda comercial, a través de fórmulas conxuntas e integrais que superen a capacidade de actuación das asociacións de comerciantes de ámbito municipal, así como as que desenvolvan actuacións para a revitalización e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais, concentracións comerciais, cabeceiras de comarcas, zonas urbanas comerciais, centros comerciais de barrio e espazos de interese comercial que non respondan a un modelo de centro comercial aberto,